



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Eduardo Blanco Amor



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE Inviste no teu futuro"

Cordeda s/n 15174 Culleredo. A Coruña

Tif.: 881960347

ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es

w.edu.xunta.es/centros/iesblancoamorculleredo



CIRCULAR INFORMATIVA ÁS FAMILIAS

Asunto: calendario de fin de curso e entrega de libros de texto ao fondo solidario

Estimadas familias: informámoslles dalgúns asuntos do seu interese.

- 21 de xuño é o último día de clase.
Ata ese día haberá clase, como de costume. O día 21 terán lugar actividades ao aire libre e actuacións dos alumnos e entrega de premios.no instituto. Haberá transporte escolar
- 25 de xuño entregaranse os boletíns de notas en horario de 11:00 a 12:00 horas. Non haberá transporte escolar. Este mesmo día poderán reclamar verbalmente as cualificacións aos profesores en horario de 12:00 a 13:00 horas.
- A partir do día 26 os alumnos ou familiares autorizados poderán recoller en conserxería os boletíns que non foron entregados o día anterior.
- Os días 26 e 27 atenderanse as reclamacións ás cualificacións por escrito en horario de 11:00 a 13:00 horas.
- Do 25 de xuño ata o 10 de xullo, abrírase o prazo para que se matriculen os alumnos que aprobaran todo en xuño.
- Cos boletíns de notas recibirán información polo miúdo sobre a matrícula e os exames extraordinarios de setembro.
- Os que aproben todo en xuño, e o resto dos alumnos en setembro, recibirán un consello orientador no que estarán reflectidos os resultados acadados e unha proposta académica. Este Consello está dirixido ás familias, e se entregará en man aos seus fillos cos boletíns. Se algún de vostedes quere recibilo persoalmente deberá presentar unha solicitude en administración antes do día 21 de xuño.
- Os alumnos que vaian cursar unha Formación Profesional Básica recibirán cos boletíns de setembro toda a documentación que necesitan para matricularse.

ENTREGA DE LIBROS

A partir do luns 17 de xuño, os alumnos poderán ir entregando en conserxería os libros do fondo solidario, así como os que voluntariamente desexen achegar das materias que estean seguros que van aprobar en xuño.

Esta entrega pode ser realizada polas familias en horario de 9:00 a 13:30 h.

O prazo de entrega remata o 21 de xuño. O día 25 os titores recollerán os libros que falten por devolver no momento da entrega de notas.

É importante que lembren que a entrega dos libros é condición indispensable para recibilos do fondo solidario e/ou ser beneficiario do cheque de material escolar.

Culleredo, 6 de xuño de 2019

A directora

Carmen R-Trelles Astruga